

Primeiros pasos para a busca de emprego

- **Inicia unha autoanálise persoal e profesional que te axude á definición do obxectivo profesional** : fai un inventario dos teus coñecementos e formación, experiencias, habilidades, aptitudes, ilusións e obxectivos persoais e profesionais.
- **Elabora un Curriculum Vitae (CV) xeral** no que figuren tódolos teus estudos e actividades académicas, prácticas e/ou experiencias profesionais, voluntariado, outras actividades e traballos... realizados ata o momento, de xeito organizado e ordenado.
- **Inscríbete na Oficina Pública de Emprego como e incorpora os datos do teu C.V. na base de datos do Servizo Público de Emprego** : Este servizo realiza a intermediación coas empresas para a xestión de ofertas de emprego, ademais podes acceder a cursos de formación ocupacional e a outros programas que facilitan a incorporación ao emprego.
- **Le a prensa diaria, suplementos de emprego, prensa ou revistas especializadas, boletíns, taboleiros de anuncios,**
- **Consulta os "portais de emprego"**, neles atoparas ofertas de traballo, consellos para a busca de emprego, directorios de empresas, cursos e outra moita información laboral de interese.
- **Coñece os recursos do teu entorno que podan aportarche información sobre o mercado laboral da túa área de interese profesional.**
- **Contacta co teu Colexio profesional** (vantaxes de estar colexiado/a, servizos: que ofrece: bolsa de emprego, formación, Información profesional, asesoramento aos desempregados).
- Infórmate sobre as posibilidades de iniciarte profesionalmente a través de **programas de prácticas** ou bolsas para titulados.
- **Identifica as empresas** ou posibles centros de traballo, e coñece a súa actividade, organización, departamentos ou proxectos, analizando as túas posibilidades de incorporación..
- **Infórmate** de cales son os **sistemas de acceso** máis habituais empregados polos distintos centros de traballo (presentación de CV por correo ou entrega persoal, introdución de datos ou solicitude de emprego na propia web da empresa, convocatorias públicas, anuncios en prensa...).
- **Identifica as túas necesidades de formación complementaria** a partir da análise dos requisitos solicitados para a ocupación dos postos de traballo que vas coñecendo e que te interesan.
- **Coñece os diferentes tipos de formación á** que podes acceder e consulta a diferente oferta formativa.
- **Acude á Área de Orientación Laboral (SAEE) da USC** . Podes atopar unha oficina nos dous Campus (Compostela e Lugo) para solicitar unha entrevista de orientación e/ou obter información.